

Autora: **MIRIAM SÁNCHEZ MOREIRAS**

Ilustrador: **FEDERICO FERNÁNDEZ**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

48 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "Onde perdeu Lúa a risa?"
Demademora. ISBN 978-84-8464-071-4
- Castelán: "¿Dónde perdió Luna la risa?"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-8464-080-6
- Catalán: "On ha perdut la Lluna el riure?"
Kalandraka. ISBN 978-84-95730-06-0
- Euskera: "Non galdu du Ilargik irria?"
Ametz egiteko liburuak. ISBN 978-84-8464-081-3
- Portugués: "Onde perdeu a Lúa o riso?"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-07-1

Prezo: 13 €



ONDE PERDEU LÚA A RISA?

PREMIO NACIONAL DE ILUSTRACIÓN 2001

Onde perdeu Lúa a risa?

No bandullo da cabuxa? Sobre o bico da parrula?

Entre os ovos das galiñas? Baixo o escano da cociña?

É importante non perder a risa, e os protagonistas deste conto sábeno ben. Por iso Daniel, cando descobre que a pequena Lúa perdera algo tan valioso, decide buscar por todas partes. Nin o gato, nin a vaca, nin a ra, nin o lobo poden darlle a solución, pero entre todos conseguen poñelo na pista da curuxa sabia que lle ofrecerá unha fórmula infalible para resolver o problema da súa irmá.

Un libro de linguaxe sinxela e ilustracións expresivas perfectamente secuenciadas, moi adecuado para os prelectores e que, manexado con tenrura e habilidade, resultará eficaz para atopar, ao final da historia, moitos sorrisos. Este libro que se atopa na colección *Demademora*, un espacio para a creación plástica e literaria dirixida aos pequenos lectores, foi galardoado co *Premio Nacional de Ilustración 2001*, outorgado polo Ministerio de Cultura.

MIRIAM SÁNCHEZ (Vigo, 1970)

Licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago. Completou a súa formación académica na Facultade de Filoloxía, desenvolvendo tarefas de investigación nas áreas de Literatura e Lingüística.

Participou en congresos sobre Literatura Xeral e Comparada, así coma sobre Semiótica, aos que aportou comunicacións sobre poesía ou cine. Entre as súas publicacións figuran títulos coma "La metáfora en la poesía hispánica", unha obra colectiva, á que se suman artigos publicados en revistas especializadas. Tamén exerceu a actividade docente na Universidade de Santiago e no concello de Vigo.

FEDERICO FERNÁNDEZ (Vigo, 1972)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo, na especialidade de pintura. Destacan as súas colaboracións en diversos proxectos relacionados coa escenografía musical (deseño de cubertas de LP, maquetas, carteis...) e o seu traballo de ilustración para o Instituto de Formación e Estudos Sociais.

Tamén ilustrou para esta editorial a obra "Chivos Chivóns", adaptada ademais para a colección Makakiños, destinada a nen@s con necesidades educativas especiais. No campo plástico realizou numerosas exposicións individuais e colectivas de pintura e grabado, entre as que se atopan as realizadas na Galería "Cuarta Pared" de Madrid en 1995, na "Galería Baceiros" de Vigo nos anos 1997 e 1999, a mostra colectiva de "Novos Valores" no Teatro Principal de Pontevedra en 2000, e na Real Academia Galega de Belas Artes de A Coruña, ademais da súa presenza na Galería Visual Labora de Vigo no ano 2001.

Polo seu traballo creativo recibiu, entre outros, o 1º premio no concurso Vigo en Vivo, organizado polo Concello de Vigo e o 2º premio no concurso de pintura Novos Valores "Comarcas do Sar".

- **Temática:** pedir axuda, o optimismo
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** linguaxe sinxela, ilustracións expresivas; editado en italiano ("Dove perse la risata Luna?")